

De saudades setentrionais

Poesía Novo número da revista que dirixe dende Portugal Antonio Queirós


Saudade, revista de poesía

nº 9 · Associação

Amarante Cultural ·

Edições do Tâmega, 2007

8 Euros



Da man de António José Queirós chéganos polo sempre agradábel correo ordinario o número 9 da revista Saudade. O seu director, xa coñecido por ambiciosos e consumados proxectos como a revista Anto (á memoria de Antonio Nobre e sobre as literaturas lusófonas), ofreceunos até a data un consello de redacción composto por nomes ben coñecidos da poesía portuguesa actual: Amadeu Baptista (ver *Protexta 3*), Helga Moreira, António Cândido Franco, Henrique Monteiro, Jorge Velhote, José Augusto Seabra, Luís Amaro e Sérgio Pereira, para alén de colaboradores como Casimiro de Brito e José Luís Peixoto. Cun deseño xeral moi simple (capa de Humberto Nelson e ilustración de José Rodrígues), ten unha tiraxe de cincocentos exemplares e unha periodicidade anual.

O título da revista fai referencia a un concepto moi arraigado na reflexión metafísico-poética galego-portuguesa e que o diccionario define, coas esperadas limitacións, así: «Recordação nostálgica e suave de pessoas ou coisas distantes ou passadas». Nun sentido máis amplio, podemos relationalo coa soiada que o individuo sente perante a grandeza de todo o que existe, e que nos lembra o tópico do «triste» na literatura hispánica medieval e renacentista, e aínda na poesía decimonónica: algunas personaxes como o «triste» cativo do *Romance del prisionero*, o Cabaleiro da Triste Figura do *Quijote* ou outros de poemas de Rosalía de Castro e António Nobre.



Na presentación do número primeiro afirmábase un ámbito xeográfico preciso como orixe de dimensión telúrica: a zona do Douro, ámbito natural de dous poetas da máxima consideración na literatura portuguesa: António Nobre e Teixeira de Pascoaes. É, polo tanto, unha revista orgullosamente setentrional, e que sempre mantivo a coherencia de albergar colaboradores galegos como se unha irmadade esencial nos fixese indiscutíbeis partícipes da súa mesa.

Nacida en 2001, a revista ten ofrecido asento a autores de moi variada xeografía: portugueses, galegos, brasileiros, franceses, hondureños, colombianos, arxentinos, españoles, polacos, haitianos, cabo verdianos, suízos, romanescos. Entre os galegos figuran Xosé Lois García, José António Lozano, Xoán Neira, Carlos Quiroga, José Ángel Valente (traducido para portugués por Amadeu Baptista), César Antonio Molina (en castelán), Xosé María Álvarez Cáccamo, Yolanda López, Tati Mancebo, Ramiro Torres e quen isto escribe.

// Alfredo Ferreiro